

Curso	Sem.	Materia	Tipo	ECTS
4	1	Posproducción audiovisual	OB	6
4	1	Dirección artística e escénica	OB	6
4	1	Guión, produción e realización para programas de entretemento	OP	6
4	1	Proxectos interactivos en novos medios: telefonía móbil e tdt	OP	6
4	1	Videoxogos: deseño e desenvolvemento	OP	6

Curso	Sem.	Materia	Tipo	ECTS
4	2	Obradoiro de prácticas profesionais ou prácticas externas (para elixir unha)	OB	12
4	2	Traballo de fin de grao	OB	12

Optativas: para escoller un total de cinco (30 ECTS) dunha oferta de dez materias (60 ECTS)

Sem.: semestre

FB	Formación básica	OB	Obrigatoria	OP	Optativa
----	------------------	----	-------------	----	----------

Organización da oferta de créditos ECTS do plan de estudos por módulos e materias
Grao en Comunicación Audiovisual
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra

Módulo	ECTS	Materias	ECTS	Distribución
Contorna da comunicación	66	Lingua e medios de comunicación	12	12 formación básica (para elixir unha das linguas ofertadas: 6 ECTS)
		Contorna social e política da comunicación	12	12 formación básica
		Dereito e responsabilidade social da comunicación	12	12 formación básica
		Empresa audiovisual e publicidade	18	12 formación básica e 6 obrigatorios
		Estrutura da comunicación	12	6 obrigatorios e 6 optativos
Historia e teoría da comunicación	54		54	12 formación básica, 30 obrigatorios e 12 optativos
Tecnoloxía e expresión audiovisual	42		42	6 formación básica e 36 obrigatorios
Guión, produción e realización audiovisual	48		48	36 obrigatorios e 12 optativos
Creación e deseño de contenidos interactivos	42		42	12 obrigatorios e 30 optativos
Práctica profesional	12	Obradoiro de prácticas profesionais ou prácticas externas (para elixir unha)	12	12 obrigatorios
Traballo de fin de grao	12	Traballo de fin de grao	12	12 obrigatorios
Oferta total ECTS	276		276	

Resolución do 15 de outubro de 2010 pola que se publica o plan de estudos da titulación de grao en Publicidade e Relacións Públicas.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo de informe positivo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, acordado o carácter oficial do título por acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010, por resolución da Secretaría de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009), e para efectos de cumprimento do previsto no artigo 35.4º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que establecen que os reitores e as reitoras das universidades deberán ordenar a publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), neste caso, do primeiro inciso do punto 5.1 da Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, segundo o anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, segundo comunicado do 14 de outubro de 2008 da Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo á estru-

tura das ensinanzas, e segundo o artigo 26 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, esta reitoría

RESOLVE:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de graduado ou graduada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo, que se recolle no anexo a esta resolución.

Vigo, 15 de outubro de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

Plan de estudos da titulación de grao en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo

Denominación do título: graduado ou graduada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo.

Rama de coñecemento á que se adscribe o título (Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro): Ciencias Sociais e Xurídicas.

Código da titulación: P04G190 (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra).

Distribución do plan de estudos en créditos ECTS:

Tipo de materia	Créditos ECTS
Formación básica	60
Materias obrigatorias	132

Tipo de materia	Créditos ECTS
Materias optativas. Inclúe prácticas externas (Proxecto práctico profesional) ou Obradoiro de prácticas profesionais (para elixir unha) (12 ECTS optativos)	36
Traballo de fin de grao	12
Total	240

Distribución dos créditos da formación básica do plan de estudos:

Rama de coñecemento	Materia da rama (Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro)	Materias vinculadas do plan de estudos		ECTS	
		Materia	Rama	Materia	Rama
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía	Economía: economía	6	12	54
	Empresa	Empresa: fundamentos de organización e xestión empresarial	6		
		Empresa: fundamentos de márketing	6		
	Socioloxía	Socioloxía: estrutura social, consumo e estilos de vida	6	30	
	Comunicación	Comunicación: teoría e técnica da imaxe	6		
		Comunicación: imaxe corporativa	6		
		Comunicación: comunicación escrita	6		
		Comunicación: teoría e historia da comunicación	6		
	Comunicación: historia da propaganda e a publicidade	6			
Artes e Humanidades	Lingua	Lingua: linguaxe publicitaria	6	6	
Total ECTS			60		

Organización temporal do plan de estudos
Grao en Publicidade e Relacións Públicas
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra

Curso	Sem.	Materia	Tipo	ECTS
1	1	Economía: economía	FB	6
1	1	Lingua: linguaxe publicitaria (en español ou en galego, para elixir un)	FB	6
1	1	Comunicación: teoría e práctica da comunicación publicitaria	OB	6
1	1	Comunicación: teoría e técnica da imaxe	FB	6
1	1	Comunicación: teoría e historia da comunicación	FB	6
2	1	Administración pública e análise estatística	OB	6
2	1	Empresa: fundamentos de márketing	FB	6
2	1	Creatividade publicitaria	OB	6
2	1	Teoría e práctica da fotografía publicitaria	OB	6
2	1	Comunicación: imaxe corporativa	FB	6
3	1	Métodos e técnicas de investigación de medios e audiencias	OB	6
3	1	Deontoloxía da comunicación	OB	6
3	1	Planificación estratéxica das relacións públicas	OB	6
3	1	Técnicas de propaganda política	OB	6
3	1	Producción publicitaria impresa	OB	6
4	1	Opinión pública	OP	6
4	1	Teoría e técnica da comunicación radiofónica	OP	6
4	1	Cine e publicidade	OP	6
4	1	Comunicación alternativa: medios virtuais e novos soportes publicitarios	OP	6
4	1	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	6
4	1	Publicidade internacional	OP	6
4	1	Dirección de comunicación	OB	6
4	1	Campañas de imaxe e de relacións públicas	OP	6
4	1	Comunicación de crise	OP	6
4	1	Relacións públicas e comunicación solidaria	OP	6
4	1	Relacións públicas e protocolo	OP	6
1	2	Comunicación: comunicación escrita	FB	6
1	2	Empresa: fundamentos de organización e xestión empresarial	FB	6
1	2	Socioloxía: estrutura social, consumo e estilos de vida	FB	6
1	2	Comunicación: historia da propaganda e a publicidade	FB	6
1	2	Teoría e práctica das relacións públicas	OB	6
2	2	Elaboración da mensaxe publicitaria	OB	6
2	2	Estratexias da comunicación publicitaria	OB	6
2	2	Estruturas e actividade da axencia publicitaria	OB	6
2	2	Redacción e locución publicitaria	OB	6
2	2	Teoría e práctica da comunicación televisiva	OB	6
3	2	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	6
3	2	Producción publicitaria en medios audiovisuais	OB	6
3	2	Planificación e xestión de medios publicitarios	OB	6
3	2	Técnicas de comunicación electoral e institucional	OB	6
3	2	Técnicas de relacións públicas	OB	6
4	2	Producción publicitaria na web e multimedia	OB	6
4	2	Prácticas externas: proxecto práctico profesional (*)	OP	12
4	2	Obradoiro de prácticas profesionais (seminarios de experiencias profesionais) (*)	OP	12
4	2	Traballo de fin de grao	OB	12

Optativas: para escoller un total de 36 ECTS dunha oferta de doce materias (84 ECTS).

(*) Prácticas externas (Proxecto práctico profesional) ou Obradoiro de prácticas profesionais: para elixir unha (12 ECTS optativos).

Sem.: semestre

FB	Formación básica	OB	Obrigatoria	OP	Optativa
----	------------------	----	-------------	----	----------

Organización da oferta de créditos ECTS do plan de estudos por módulos e materias
Grao en Publicidade e Relacións Públicas
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Campus de Pontevedra

Módulo	ECTS	Materias	ECTS	Distribución
Fundamentos e contexto da comunicación	66		66	42 formación básica, 12 obrigatorios e 12 optativos
Comunicación publicitaria	120		120	12 formación básica, 84 obrigatorios e 24 optativos
Relacións públicas, comunicación corporativa e institucional	66		66	6 formación básica, 36 obrigatorios e 24 optativos
Prácticas	24	Prácticas externas: proxecto práctico profesional	12	24 optativos
		Obradoiro de prácticas profesionais (seminarios de experiencias profesionais)	12	
Traballo de fin de grao	12	Traballo de fin de grao	12	12 obrigatorios
Oferta total ECTS	288		288	
Oferta total ECTS (xa que se deben elixir as prácticas externas ou o obradoiro de prácticas profesionais)	276		276	

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 3 de novembro de 2010 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 10 de xaneiro de 2008, convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 16 de setembro de 2010 (DOG nº 186, do 27 de setembro).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordantes, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo supe-

rior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 17 de novembro de 2010 ás 10.30 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes da quenda de promoción interna terán, en todo caso, preferencia sobre os aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que quedaran sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal no que conste que o interesado presta servizos na actualidade na administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición